

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 22/06/2023

#### ASISTENTES:

##### Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro. (PSdeG-PSOE)

##### Concelleiros/as:

D<sup>a</sup> María Rosario Huertas Garabana. (PSdeG-PSOE).

D. Daniel Ríos Fernández (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)

D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE)

D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE).

D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE)

D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre (BNG)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)

D<sup>a</sup> Montserrat Pico Rodeiro

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as dez horas e doce minutos do día vinte e dous de xuño de dous mil vinte e tres, xúntanse, en sesión extraordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria Xeral e a Interventora municipal

##### Non asiste: (xustificando a ausencia)

D. Luis Pena Mosquera (BNG)

##### A Secretaria xeral:

D<sup>a</sup> Ana Ramos Ramos

##### A Interventora municipal

D<sup>a</sup> Lucía Varela Martínez

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

### **ÚNICO. SORTEO PARA COMPOSICIÓN DAS MESES ELECTORAIS PARA A SELECCIÓN ÁS CORTES XERAIS DO DÍA 23 DE XULLO DE 2023.**

A Secretaria municipal da lectura a proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA**

### **ELECCIÓN AS CORTES XERAIS DO 23 DE XULLO DE 2023. SORTEO PARA COMPOSICIÓN DAS MESAS ELECTORAIS**

(Expediente TEdC: 2023/X999/000115).



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Logo de ver o “Real Decreto 400/2023, de 29 de maio, de disolución do Congreso dos Deputados y do Senado e de convocatoria de eleccións”. (BOE núm. 128 do 4 de abril de 2023).

Considerando o disposto no artigo 26 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral (Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño), cuxo contido se transcribe, en estrato:

“...//...”

2. O Presidente e os vogais de cada Mesa son designados por sorteo público entre a totalidade das persoas incluídas na lista de electores da Mesa correspondente, que saiban ler e escribir e sexan menores de setenta anos, aínda que a partir dos sesenta e cinco anos poderán manifestar a súa renuncia no prazo de sete días. O Presidente deberá ter o título de Bacharel ou o de Formación Profesional de segundo Grao, ou subsidiariamente o de Graduado Escolar ou equivalente.

3. Procédese da mesma forma ao nomeamento de dous suplentes para cada un dos membros da Mesa.

4. Os sorteos arriba mencionados realizaranse entre os días vixésimo quinto e vixésimo noveno posteriores á convocatoria.

...//...”

Logo de ver o acordo da Xunta Electoral Central:

**Sesión JEC:** 08/06/2023

**Núm. Acuerdo:** 321/2023

**Núm. Expediente:** 140/460, relativo a “Solicitudes de los Ayuntamientos de modificación de la fecha de celebración del Pleno extraordinario para el sorteo de los miembros de las mesas electorales para las elecciones que se celebrarán el 23 de julio de 2023.”

**“Acuerdo:**

Conforme al criterio establecido por la Junta Electoral Central en su Acuerdo 34/2023, de 2 de marzo de 2023, en la medida en que la fecha prevista legalmente va a coincidir con la constitución de las corporaciones locales elegidas en el reciente proceso celebrado el 28 de mayo de 2023, se autoriza a que los Ayuntamientos puedan realizar el sorteo de los vocales de las Mesas electorales entre los días 22 y 28 de junio de 2023, siempre que cuenten con el censo electoral definitivo y den publicidad a la fecha de realización de ese sorteo.”

Dado que se dispón en soporte informático do Censo electoral e dun programa informático proporcionado pola Deputación Provincial da Coruña, que realiza o sorteo de modo automático



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

e aleatorio, e que elabora as notificacións e listados necesarios para este proceso, propónse a utilización de medios informáticos para a realización do sorteo público para a composición das Mesas electorais das vindeiras eleccións ás Cortes Xerais do 23 de xullo, autorizando que o dito sorteo se faga nas dependencias administrativas municipais, dando oficialidade no pleno extraordinario que se celebre, que será de carácter público.

Por tanto, e segundo o anterior propónse ao Concello Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Autorizar a utilización de medios informáticos para a realización do sorteo das persoas membros das Mesas electorais con motivo das Eleccións ás Cortes Xerais do 23 de xullo de 2023, a través do programa informático facilitado pola Deputación da Coruña

**SEGUNDO.-** Efectuar o sorteo e designar aos/ás membros das distintas Mesas que actuarán como Presidentes/as ou Vogais con dúas persoas suplentes por cada un/ha deles/as.

**TERCEIRO.-** Formar as mesas electorais do concello de Ponte deume con motivo das Eleccións ás cortes xerais que se celebrarán o 23 de xullo de 2023, coas persoas que se expresan e para os cargos que se reseñan nos listados obtidos do programa informático e que, como Anexo I, se incorporará ao borrador da Acta que se emita da presente sesión, unha vez realizado o sorteo e cumpridas todas as formalidades establecidas

**CUARTO.-** No caso de que a Xunta Electoral de Zona solicite o nomeamento de novos compoñentes das Mesas para substituír aos seleccionados que por motivos xustificadas non poidan acudir o día das eleccións, seleccionárase aos/ás suplentes de reserva, determinados polo programa informático da Deputación da Coruña.

A listaxe de suplentes de reserva, empregárase tamén para a substitución dos/as non notificados/as, por imposibilidade de notificación.

**QUINTO.-** Declarar que se do sorteo resultara nomeado como membro dunha mesa algún/a candidato/a esa persoa non poderá formar parte da mesa electoral de acordo co establecido no artigo 27.1 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral (Lei 5/85 de 19 de xuño)".

Non habendo intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as concelleiros e concelleiras presentes o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.** Autorizar a utilización de medios informáticos para a realización do sorteo das persoas membros das Mesas electorais con motivo das Eleccións ás Cortes Xerais do 23 de xullo de 2023, a través do programa informático facilitado pola Deputación da Coruña

**SEGUNDO.-** Efectuar o sorteo e designar aos/ás membros das distintas Mesas que actuarán como Presidentes/as ou Vogais con dúas persoas suplentes por cada un/ha deles/as.

**TERCEIRO.-** Formar as mesas electorais do concello de Ponte deume con motivo das Eleccións ás cortes xerais que se celebrarán o 23 de xullo de 2023, coas persoas que se expresan e para os cargos que se reseñan nos listados obtidos do programa informático e



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

que, como Anexo I, se incorporará ao borrador da Acta que se emita da presente sesión, unha vez realizado o sorteo e cumpridas todas as formalidades establecidas

**CUARTO.-** No caso de que a Xunta Electoral de Zona solicite o nomeamento de novos compoñentes das Mesas para substituír aos seleccionados que por motivos xustificadas non poidan acudir o día das eleccións, seleccionárase aos/ás suplentes de reserva, determinados polo programa informático da Deputación da Coruña.

A listaxe de suplentes de reserva, empregárase tamén para a substitución dos/as non notificados/as, por imposibilidade de notificación.

**QUINTO.-** Declarar que se do sorteo resultara nomeado como membro dunha mesa algún/a candidato/a esa persoa non poderá formar parte da mesa electoral de acordo co establecido no artigo 27.1 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral (Lei 5/85 de 19 de xuño).

### REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as dez horas e dezasete minutos do expresado día.

Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.

### DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 28.07.2023, segundo o borrador asinado o día 18.07.2023. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

